



## NORMAS DE PUBLICACIÓN

Os artigos deberán ser inéditos, non estar en proceso de revisión nin pendentes de consideración por ningunha outra publicación e axustarse á estrutura seguinte:

1. Extensión: de 4 a 8 páxinas DIN-A4 escritas con tipografía Arial, corpo 12 e interlineado 1,5 (aprox. 2400 caracteres por páxina).

2. Título: fará referencia ao contido do texto. Pódense inserir subtítulos.

3. Resumo do contido (de 4 a 6 liñas).

4. Palabras clave (de 3 a 5).

5. Na primeira páxina deben figurar os seguintes datos:

- nome e apelidos do autor ou autora
- especialidade e/ou destino en que exerce
- enderezo electrónico de contacto

6. Debe presentar unha estrutura lóxica: contextualización, obxectivos, recursos empregados, descrición da actividade, metodoloxía, avaliación e conclusións.

7. **Ao final do texto**, debe incorporar as notas, se as houbese, e unha bibliografía de referencia.

8. Pode incluír táboas, gráficos, esquemas ou cadros, que faciliten a lectura do artigo. Numeraranse consecutivamente en función do tipo e incorporaranse no lugar preciso dentro do corpo do texto. Os gráficos, esquemas e táboas presentaranse nun formato que non sexa de imaxe co fin de facilitar posibles modificacións de cara a unha futura maquetación.

9. Recoméndase achegar fotografías que ilustren e enriquezan o contido (ata un máximo de 5). **Débense enviar as imaxes dixitais en arquivos independentes do texto**, en formato JPG e cunha resolución mínima de 300 ppp. Incluirán un pé de texto para facilitar a súa identificación e indicarse no documento a súa ubicación.

*Autorizacións:* É responsabilidade do autor ou autora conseguir os permisos para a reprodución de ilustracións, fotografías e calquera material gráfico, audiovisual ou multimedia utilizado.

10. Se se queren xuntar gravacións en vídeo ou audio complementarias, respectaranse as seguintes especificacións técnicas:

- audio: MP3 (o ficheiro debe ser menor de 120 MB)
- vídeo: MPEG, FLV (o ficheiro debe ser menor de 400 MB).

11. A RGE dará notificación de recibo a todos os artigos comunicándoo aos autores.

12. Para valorar cada colaboración o Comité de Avaliación atenderá a criterios de relevancia, adecuación ás normas de publicación, actualidade do traballo e alcance das conclusións. No caso de que o tema o requirise procederase a consultar avaliadores externos.



## **NORMAS DE REDACCIÓN**

Os traballos deben presentarse redactados con claridade expositiva, precisión terminolóxica e corrección lingüística.

A *RGE* seguirá a normativa oficial do idioma galego e reserva a súa capacidade de traducir e adaptar os textos ao galego no servizo de tradución.

O Comité de Redacción da *RGE* reserva para si a facultade de introducir as modificacións que estime oportunas nos traballos, en aplicación das Normas de publicación.

## **NORMAS PARA A BIBLIOGRAFÍA**

Colocarase ao final do traballo e por orde alfabética. Todo libro mencionado no texto debe aparecer na bibliografía. Evitaranse as citas bibliográficas a pé de páxina.

Cada referencia utilizará sangría francesa a 1,25 en Arial, a 10 puntos.

Cada referencia bibliográfica adaptarase, ademais, ás seguintes especificacións:

Libros: APELIDOS DO AUTOR, INICIAL do nome. (ano) *Título do libro*. Cidade, Editorial. 9ª ed.

Revistas: APELIDOS DO AUTOR, INICIAL do nome. (ano) Título do artigo. *Título da revista* (volume da revista en arábigo: número da revista en arábigo) páxinas en arábigo. Exemplo: *Revista Galega do Ensino* (13: 45) 141-172.

Capítulos de libros ou artigos de enciclopedias: APELIDOS DO AUTOR, INICIAL do nome. (ano) Título do artigo ou capítulo (páxinas en arábigo do capítulo). En APELIDOS DO EDITOR, COORDINADOR, DIRECTOR, COMPILADOR DA ENCICLOPEDIA OU LIBRO, INICIAL do nome. (Ed./Coord./Dir./Comp.) *Título da obra*. Cidade, Editorial. 2ª ed.

Cando o traballo mencionado corresponda a máis de tres autores, citarase por VARIOS.

## **NORMAS PARA CITAS E NOTAS**

**Non se poden facer citas textuais ou bibliográficas a pé de páxina.**

### **CITAS TEXTUAIS**

As citas de menos de cinco liñas irán en texto seguido e entre comiñas. A continuación da cita, os datos de identificación entre parénteses: (López, 2000, p. 15).

As de máis de cinco liñas sangraranse pola esquerda en todas as liñas a tres puntos. Despois do texto engádesse, entre parénteses, a identificación de autor, ano e páxina: (López, 2000, p. 17).

### **CITAS NON TEXTUAIS**

Faranse no texto escrito do parágrafo, indicando despois da cita e a modo de peche, entre parénteses, apelido e ano de publicación (López, 2000).



Se se inclúen referencias de varios autores na mesma cita, colocaranse un a continuación do outro separados por punto e coma (Pérez, 1980; López, 2001).

Se se inclúen varios traballos dun mesmo autor publicados no mesmo ano, distinguiranse coas letras a, b, c... , sucesivamente (Pérez, 1998a, 1998b, 1998c).

Se se inclúen varios traballos do mesmo autor e anos distintos, poñerase o apelido do autor, seguido de todos os anos das publicacións, separados por comas (Pérez, 1998a, 1999, 2000).

## **NORMAS PARA TÁBOAS, FIGURAS, GRÁFICOS E CADROS**

As táboas, figuras, gráficos e cadros levarán o seu título e enumeraranse dentro de cada categoría correlativamente en arábigo, segundo proceda, coa denominación xenérica numerada seguida do título (táboa 1, 2, 3; figura 1, 2... ; etcétera e o título correspondente).

Cada cadro, táboa, gráfico ou figura numerada, levará deseguido e en liña á parte o seu propio título. Tanto o título, como a identificación xenérica do cadro non formarán parte do cadro. A denominación xenérica e o número escribíranse en Arial, negriña, 11 (exemplo: **Táboa 1**). O título do cadro ou figura, etc., escribírase en Arial 11, *cursiva* (exemplo: *Distribución de poboación*). A disposición da denominación xenérica, título e contido da táboa será a de "texto centrado".

Fóra do contido do cadro e na parte inferior, inserírase a fonte en negriña e centrada, seguida de dous puntos e a identificación da referencia bibliográfica dunha cita textual. **Fonte:** Pérez, 2004, p. 14.

As palabras *Táboa*, *Gráfico*, *Figura* e *Cadro* cando están inseridos dentro do texto e fan referencia a un número determinado, *Cadro 1*, *Figura 2* irán sempre en cursiva e a primeira letra en maiúscula.

Os artigos enviaranse a [edu@edu.xunta.es](mailto:edu@edu.xunta.es)